

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE
GOBERNO LOCAL EN DATA 19 DE MARZO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día dezanove de marzo do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Luís Alonso Riego, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Ignacio D. Saa González.
- D. José Vicente Ferreira.
- Dna. Teresa Cadilla Gonzalez.
- D. Manuel Alberto Franco Peixoto, que se incorpora no momento que se sinala.
- Non asiste o concelleiro D. José Luis Lomba Álvarez.

Actua como Secretario D. Juan Alberto Santos Carrero.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 1.712 de data 14 de marzo de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO – DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, remitindo aprobación inicial do expediente P-IR-0015/05 promovido por este Concello ó abeiro do Decreto 233/2003 do 3 de abril para reconstrucción de infravivenda no lugar de Buxán, nº 3 da Parroquia de Salcidos.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar dita subvención nas condicións establecidas na resolución aprobatoria.

Lese o escrito RE 1.713 de data 14 de marzo de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO – DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, remitindo aprobación inicial do expediente P-IR-0021/05

promovido por este Concello ó abeiro do Decreto 233/2003 do 3 de abril para reconstrucción de infravivenda no lugar de Baliños, 29 da Parroquia de Salcidos.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar dita subvención nas condicións establecidas na resolución aprobatoria.

Dase conta do escrito RE 1.779 de data 15 de marzo de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE – DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, achegando copia do escrito que remitiron ó Organismo Autónomo Local “Turismo Rías Baixas” no que se require para que presente a través dese concello o proxecto de legalización da instalación dos paneis anunciadores na estrada de acceso ó Monte Santa Trega e no mesmo xacemento arqueolóxico para a súa autorización por si fora procedente.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 1.777 de data 15 de marzo de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA – DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO, sinalando que a recollida de información para a guía “Verán de Lecer” que edita esta dirección vaise realizar a través dunha aplicación on-line.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 1.766 de data 15 de marzo de 2007, presentado por DNA. MARÍA MERCEDES GIRÁLDEZ LOMBA-PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS SANTA TECLA DE A GUARDA, con enderezo a efectos de notificación no apartado de correos, nº 63 de A Guarda, solicitando que o concello lles conceda permiso para o uso das instalacións da casa de oficios co obxecto de levar a cabo un curso de cociña.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado aínda que haberá que reunirse para fixar as datas do curso.

Dase conta do escrito RE 1.764 de data 15 de marzo de 2007, presentado por D. XOSE MARÍA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ-EMPREGADO DO CONCELLO NO SERVIZO DE COBRADOR NO TRANSBORDADOR, informando coa antelación suficiente que o día 31 de marzo dará por finalizada de xeito nilateral a súa relación laboral con este Concello.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda que se proceda á contratación dunha persoa que cubra a praza, (fundamentalmente en Semana Santa), ata que se proceda a levar a cabo o concurso oposición.

Lese o escrito RE 1.710 de data 14 de marzo de 2007, presentado por DNA. CRISTINA FARIÑA MENDOZA, en representación de IKF ESPAÑA, con enderezo

na rúa As Cachadas, s/n de A Guarda, solicitando a instalación de un contenedor amarelo para o recinto da fábrica co fin de comezar coa separación selectiva de residuos.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitarllelo a GESECO.

Dase conta do escrito RE 1.730 de data 14 de marzo de 2007, presentado por FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, con enderezo na rúa Nuncio, nº 8 de Madrid, solicitando que se lles remita o cuestionario anexo cuberto para a realización do estudo para a estimación do Gasto Propio das Corporacións Locais en Políticas Activas de Empleo.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda dar traslado a Intervención para o seu cumprimento.

Lese o escrito RE 1.711 de data 14 de marzo de 2007, presentado por D. ANTONIO ADROVER VICENTE, con enderezo na rúa Calvario, nº 59 de A Guarda, solicitando o cambio do contador de subministro de auga municipal posto que a diferenza de consumo que se aprecia é bastante significativa.

A Xunta de Goberno Local acorda que se lle cambie o contador.

Lese o escrito RE 1.700 de data 14 de marzo de 2007, presentado por DNA. MARÍA MERCEDES GIRÁLDEZ LOMBA-PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS SANTA TECLA DE A GUARDA, con enderezo a efectos de notificación no apartado de correos, nº 63 de A Guarda, mostrando a preocupación dos membros desta asociación polas obras de desaterro na parcela lindante coas instalacións que ocupan.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar un informe dos tecnicos de urbanismo e dar traslado a empresa constructora.

Lese o escrito RE 1.629 de data 12 de marzo de 2007, presentado por D. RAFAEL COUTO GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Brasilino Álvarez, nº 13-4ºD de A Guarda, actuando en representación de Dna. Teresa Rodríguez Martínez e solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos o obxecto tributario sito na rúa do Porto, nº 44.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello, acorda denegar o solicitado porque supera os ingresos económicos establecidos na ordenanza municipal xa que os ingresos da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 9.011 de data 20 de decembro de 2006, presentado por DNA. CARMEN PILAR GONZÁLEZ CIVIDANES, con enderezo na rúa Baixada á

Armona, s/n de A Guarda, actuando en representación de Dna. María Álvarez Gonzalez e solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos o obxecto tributario sito na rúa Circunvalación , nº 122.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servicios Sociais do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 8.144 de data 15 de novembro de 2006, presentado por DNA. M^a DOLORES VERDE MARTÍNEZ, con enderezo na rúa A Cal, nº 36 de A Guarda, actuando en representación de D. Luis Verde Lomba e solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos o obxecto tributario sito na rúa Roda, nº 25.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servicios Sociais do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.247 de data 23 de febreiro de 2007, presentado por DNA. M^a DEL ROSARIO CADILLA REY, con enderezo na rúa A Cal, nº 90-2º de A Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos o obxecto tributario sito na rúa A Cal, nº 90-2º.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servicios Sociais do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo ós constantes actos de vandalismo que sofre a Guardería Municipal que deixan inutilizable o patio dados os destrozos.

A Xunta de Goberno Local acorda tomar as medidas necesarias para evitar que prosigan estes problemas.

Dase conta do escrito RE 1.653 de data 13 de marzo de 2007, presentado por INICIATIVA VECIÑAL DO BAIXO MIÑO, solicitando que dende o concello se leven a cabo as reparacións necesarias nas instalacións da guardería municipal.

A Xunta de Goberno comunicalle que a relación de desperfectos puxose en coñecemento do concello do día 13 de marzo, a mesma data na que IVBM presenta o escrito.

Lese o escrito RE 1.699 de data 14 de marzo de 2007, presentado por DNA. M^a BELÉN ÁLVAREZ GÓMEZ, con enderezo na rúa Tomiño, nº 3-3º de A Guarda, solicitando que se coloquen pivotes na entrada do garaxe sito na rúa Tomiño, nº 1-3 para permitir o acceso dos vehículos.

A Xunta de Goberno Local acorda tomar as medidas oportunas.

Lese o escrito RE 7.157 de data 23 de outubro de 2007, presentado por DNA. MÓNICA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Transv. San Caetano, nº 14, en representación de D. José Rodríguez Adrover, solicitando licenza de vado para o baixo sito na rúa Transv. San Caetano, nº 10.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, segundo o informe da Policía Local, non é necesario colocar vado e que se pintarán bandas amarelas para impedir o estacionamento.

Neste momento se incorpora o Sr. Franco Peixoto.

Lese o escrito RE 1.655 de data 13 de marzo de 2007, presentado por AGRUPACIÓN LOCAL DE A GUARDA DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, solicitando que se inste a Luis Barros, S.L. a presentar o estudo de detalle do lugar no que pretende instalar unha empresa para a fabricación de formigón fresco e que o concello paralice este expediente ata que cumpra con este requisito.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar informe a urbanismo.

Dase conta do parte de denuncia formulado ante a Policía Local de A Guarda por D. José Luis Cividanes Rodríguez, con enderezo na rúa 3ª Transv. Netos, nº 3 de A Guarda, reclamando os gastos repercutidos polos danos ocasionados no seu vehículo como consecuencia dun golpe contra unha sinal que considera mal situada.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local, acorda denegar sita solicitude.

Lese o escrito RE 1.636 de data 12 de marzo de 2006, presentado por CLUB CICLISTA VIGUÉS, con enderezo social na rúa Aragón, 236-1ºC de Vigo (CP 36207), solicitando a participación do Concello de A Guarda na proba Vola Ciclista ó Baixo Miño-Val Miñor nalgunha das modalidades que se ofertan.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non existe partida orzamentaria para atender a esta petición.

Dase conta do escrito RE 1.646 de data 12 de marzo de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES – SERVIZO DE URBANISMO, solicitando que se lle remita determinada información respecto da denuncia presentada nas súas instancias por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro pola realización dunhas obras sen licenza no lugar de Buxán.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado a Urbanismo.

Lese o escrito RE 1.634 de data 12 de marzo de 2007, presentado por D. ELADIO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa San Marcos, nº 6-1º de A Guarda, solicitando que se tomen as medidas oportunas para evitar as constantes inundacións dos baixos da súa vivenda por augas fecais procedentes dunha arqueta sita no patio interior da Casa Consistorial.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa se tomaron as medidas oportunas.

Dase conta do parte de denuncia formulado ante a Policía Local de A Guarda por D. Diego Rodríguez Lorenzo, con enderezo na rúa A Cal, nº 165 de A Guarda, reclamando os gastos repercutidos polos danos ocasionados no seu vehículo como consecuencia dunha focha ó carón duna arqueta da rede de sumidoiros na estrada de A Gándara preto do “Cruce das Patas”.

A Xunta de Goberno Local acorda iniciar expediente de responsabilidade patrimonial.

Dase conta do escrito RE 1.623 de data 12 de marzo de 2007, presentado por DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, comunicando a este Concello que disporá dunha marquesiña para ubicar no lugar que considere oportuno dunha vía provincial do municipio, sendo necesrio para elo que o comunique a esta deputación antes do 20 de marzo.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar dita proposta e propoñer para a ubicación da marquesiña o cruce entre as rúas A Cal e Circunvalación.

Lese o escrito RE 1.556 de data 8 de marzo de 2007, presentado por D. SANTIAGO GÓMEZ-REINO LECOQ – PRESIDENTE DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA URBANIZACIÓN RIO MIÑO, solicitando do Concello que se realicen todos os actos administrativos necesarios para a definitiva recepción da citada urbanización.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó arquitecto municipal para que informe.

Lese o escrito RE 1.624 de data 12 de marzo de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL – DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS, adxuntando modelo de convenio para adherirse ó programa de prevención de incendios forestais.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 1.611 de data 12 de marzo de 2007, presentado por D. JULIO ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, con enderezo no lugar de Cotro, nº 18 – Pías de O Rosal, solicitando que se paralice calquera iniciativa para instalar unha industria de fabricación de formigón fresco no lugar de As Cachadas por tratarse dunha industria catalogada como insalubre e perigosa así como tamén que cese nas súas actividades a empresa Prefabricados Estevez por razóns de salubridade.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se está tramitando o expediente como actividade molesta.

Lese o escrito RE 1.593 de data 9 de marzo de 2007, presentado por PEÑA CELTISTA DE ACCIONISTAS BAIXO MIÑO, con enderezo na rúa José M^a Andreini, nº 8 de A Guarda, solicitando a colaboración do Concello insertando un anuncio por importe de 250 euros na portada posterior da revista que van a elaborar con motivo da celebración do XV aniversario da súa creación.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta das bases para o Programa Diurno de Carácter Lúdico de Balnearios e as do Programa do Cruceiro polo Mediterráneo remitidas pola Deputación Provincial de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local acorda acollerse ás Bases que regulan o Programa do Cruceiro.

Dase conta do escrito RE 1.559 de data 8 de marzo de 2007, presentado por VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR, xuntando a resolución dictada pola Delegación Provincial de modifica-la contía da axuda concedida ó Concello de A Guarda por resolución de 22 de decembro de 2006, minorándoa a cantidade de 11976,05 correspondentes ó porcentaxe de subvención establecido en función do gasto total realizado no programa de Educación Familiar no ano 2006.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 1.582 de data 9 de marzo de 2007, presentado por INICIATIVA VECIÑAL DO BAIXO MIÑO, solicitando que o Concello comece a planificar un novo cemiterio civil que acolla os falecidos doutras crenzas, e asimesmo se levan a cabo os traballos necesarios para a ampliación dos cemiterios parroquiais.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que está contemplado no novo PXOM.

Lese o escrito RE 1.565 de data 8 de marzo de 2007, presentado por DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, comunicando a resolución da Xunta de Goberno da Deputación en sesión celebrada o 2 de marzo de conceder a este Concello un área infantil para nenos ata 5 anos, un área infantil tipo gande, opción B e un área de práctica deportiva, e sinalando que deberá ingresar nas arcas de deputación a cantidade de 7.160,00 euros.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Poñer a disposición da Deputación o terreo necesario para a instalación destas áreas que serán a rúa Julia Vaquero para as áreas infantís e á zona da Atalaia para área de práctica deportiva.
- Poñer a disposición da Deputación os terreos debidamente preparados e acondicionados, de acordo coas indicación técnicas sinaladas desta comunicación.
- Tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes se fora necesario.
- Dar traslado ós servizos económicos deste concello deste escrito para o ingreso efectivo da cantidade de 7.160,00 euros nas arcas da Deputación Provincial.

Lese o escrito RE 1.799 de data 17 de marzo de 2007, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. Castelao, nº 51-8ª de Vigo, presentando denuncia contra os integrantes da Xunta de Goberno Local que participaron na sesión celebrada o día 27.12.06 e que co seu voto outorgaran as licenzas a Construcións I e J Lima, S.L. para “urbanización de vial de nova apertura e vial transversal” e consecuentemente para “edificio para 10 vivendas, local comercial, garaxe e almacén” sitios na prolongación da rúa Coruña, en base as alegacións expostas no corpo do escrito e solicitando a suspensión dos efectos das licenzas concedidas.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado do escrito ó promotor e tamén ó departamento de urbanismo para que informe.

Lese o escrito RE 1.800 de data 17 de marzo de 2007, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. Castelao, nº 51-8ª de Vigo, presentando denuncia contra os integrantes da Xunta de Goberno Local que participaron na sesión celebrada o día 27.12.06 e que co seu voto outorgaran a licenza a Dna. Antonia Cordero González para “reforma e ampliación de baixo cuberta sitios na edificación existente na rúa Muro, nº 3, en base as alegacións expostas no corpo do escrito e solicitando a suspensión dos efectos da licenza concedida.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado do escrito ó promotor e tamén ó departamento de urbanismo para que informe.

Lese o escrito RE 1.801 de data 17 de marzo de 2007, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con eenderezo na Avda. Castelao, nº 51-8ª de Vigo, presentando denuncia contra os integrantes da Xunta de Goberno Local que participaron na sesión celebrada o día 15.09.06 e que co seu voto outorgaran a licenza nº 175/2006 a Promociones Parnaiba&Outepolis, C.B. para “construción de un edificio para 16 vivendas” sito na rúa A Guía, nº 1 , en base as alegacións expostas no corpo do escrito e solicitando a suspensión dos efectos da licenza concedida.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado do escrito ó promotor e tamén ó departamento de urbanismo para que informe.

Dase conta do escrito RE 1.575 de data 9 de marzo de 2007, presentado pola FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN, informando da posibilidade de celebrar unha competición de natación master na piscina cuberta municipal para aqueles usuarios que teñan inquietudes.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e mostra o seu interes.

PUNTO 2.- OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D. ANTONIO DEL AMO FONTÁN, R.E. Nº. 1.120 DE DATA 19 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE ENRIQUE MARÍA SESTO Nº. 1-3º EZQ. DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REFORMA INTERIOR CONSISTENTE EN SUBSTITUIR ALICATADOS, SOLADOS, INSTALACIÓNS DE FONTANERÍA E ELECTRICIDADE EN BAÑO E COCIÑA, DA VIVENDA SITA NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 24-1º A, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D^a. JOAQUINA LOMBA RODRÍGUEZ, R.E. N^o. 800 DE DATA 8 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MANUEL RODRÍGUEZ SINDE N^o. 13 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA COLOCACIÓN DE TELLA DO PAIS SOBRE URALITA EXISTENTE NUNHA SUPERFICIE DE 100,00 M². E COLOCACIÓN DE URALITA MINIONDA EN ESTIAL NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M². DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MANUEL RODRÍGUEZ SINDE N^o. 13, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 5 DO P.X.O.U.).

A D^a. ESTRELLA M^a. TITO CABRERA, R.E. N^o. 962 DE DATA 13 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TRAVESIA DE VIGO N^o. 207 A-1^o (PORTAL 5) DE VIGO-C.P. 36206, PARA PECHE DE PARCELA CONTRA LINDEIROS NUNHA LONXITUDE DE 50 MTS. LINEAIS A BASE DE CIMENTACIÓN DE FORMIGÓN, BLOQUES DE CEMENTO E REDE PLASTIFICADA, SITA NO LUGAR DE “A CRUZ” DA PARROQUIA DE SALCIDOS.

A JOSÉ LUIS LORENZO ALONSO, S.L., R.E. N^o. 378 DE DATA 23 DE XANEIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE BRASIL N^o. 58-BAIXO DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA APERTURA DE ARQUETA PARA CONEXIÓN A REDE DE UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA, SITA NA RÚA DE GALICIA, EN SOLO URBANO.

A D^a. ALICIA PAZOS CASTRO, R.E. N^o. 614 DE DATA 1 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE PIZARRO N^o. 5-4^o DE VIGO-C.P. 36204, PARA REFORMAS VARIAS CO OBXECTO DE SUBSANAR HUMIDADES PROCEDENTES DA CUBERTA E REPARACIÓN DA INSTALACIÓN DE FONTANERÍA DA VIVENDA SITA NA URBANIZACIÓN RIO MIÑO (BLOQUE 6 – ESCALEIRA 6 - PISO 2^o) DE O PASAXE DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS.

A D^a. BEGOÑA PEREIRA ÁLVAREZ, R.E. N^o. 399 DE DATA 24 DE XANEIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE DONANTES DE SANGRE N^o. 28-1^o B DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA SUBSTITUIR A CUBRICIÓN DA TERRAZA TRASEIRA METÁLICA POR ATÓPARSE EN MAL ESTADO POR OUTRA CONSISTENTE NA COLOCACIÓN DE CORREAS, RASILLÓNS E TELLA MIXTA NUNHA SUPERFICIE DE 7,00 M²., SITA NA RÚA DE DONANTES DE SANGRE N^o. 28, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 3 DO P.X.O.U.).

A D. MANUEL GONZÁLEZ ALONSO, R.E. N^o. 1.181 DE DATA 21 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MORALES HIDALGO N^o. 14-4^o B DE PONTEAREAS-C.P. 26860, PARA PECHE DE PARCELA NUNHA

LONXITUDE DE 150 MTS. LINEAIS A BASE DE CIMENTACIÓN, POSTES DE FORMIGÓN E BLOQUES DE CEMENTO A ALTURA DE 1,00 MTS. E REDE ATA COMPLETAR 1,50 MTS. DE ALTURA, ASIMESMO CHAPEAR EN PEDRA DE CACHOTES MURO FRONTAL DE LADRILLO EXISTENTE NUNHA LONXITUDE DE 20 MTS. SITA NO LUGAR DE “AREA GRANDE”, EN ZONA DE SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE.

PUNTO 3.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumprilo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1ª ocupación non permitirá a conexión ós servicios de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servicios a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teránse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servicios públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do

concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licenza concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licenza outórgase sen prexuízo de terceiros.

A VIVIENDAS BAERO, S.L., R.E. Nº. 6.517 DE DATA 27 DE SETEMBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GARCIA BARBÓN Nº. 93-5º D DE VIGO-C.P. 36201, PARA “DEMOLICIÓN DE 2 VIVENDAS UNIFAMILIARES” COMPOSTAS DE (PLANTA SOTO E PLANTA BAIXA) E CONSTRUCCIÓN DE “EDIFICIO DE 8 VIVENDAS” DESARROLLADO EN (PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PLANTA SEGUNDA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA), SITA NA RÚA DE OLIVA Nº. 37, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.) “*EDIFICACIÓN EN ZONAS DO NÚCLEO ANTIGO*”.

A CASTILLO DE SANTA CRUZ, S.L., R.E. Nº. 5.856 DE DATA 30 DE AGOSTO DE 2006, E CON DOMICILIO NA RÚA DE PEDRO ALVARADO Nº. 3-ENTLO. DE VIGO-C.P. 36207, PARA CONSTRUCCIÓN DE “EDIFICIO DE 5 PLANTAS E BAIXO CUBERTA PARA 60 VIVENDAS, BAIXO PARA LOCAIS COMERCIAIS E GARAXE E SOTO PARA GARAXE” DESARROLLADO EN (PLANTA DE SOTO PARA GARAXE-APARCAMENTO E TRASTEIROS, PLANTA BAIXA PARA LOCAL COMERCIAL, GARAXE-APARCAMENTO E TRASTEIROS E CINCO PLANTAS ALTAS E BAIXO CUBERTA PARA 60 VIVENDAS), SITO NA PARCELA FR-4 DO S.U.P. Nº. 4 “*CASTELO DE SANTA CRUZ*”.

PUNTO 4.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por DNA. MILAGROS CARMEN AMADOR DA CAL (RE 659 de data 5 de febreiro de 2007), para a apertura dun local dedicado a actividade de COMERCIO Ó POR MENOR DE ARTESANÍA, OBRAS DE ARTE, ANTIGÜEDADES, ETC. (Epig. 659.1) situado na rúa Brasilino Álvarez, nº 6 baixo esquerda.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DNA. MILAGROS CARMEN AMADOR DA CAL licenza municipal nº 5/2007 para a apertura dun local dedicado a actividade de COMERCIO Ó POR MENOR DE ARTESANÍA, OBRAS DE ARTE,

ANTIGÜEDADES, ETC. (Epig. 659.1) situado na rúa Brasilino Álvarez, nº 6 baixo esquerda.

Dase conta das solicitudes con R.E. 7.350 de data 31 de outubro de 2006 e R.E. 8.770 de data 13 de decembro de 2006, presentadas por DNA. ALMUDENA GONZÁELZ COSTAS (arquitecta) en representación de ÁTOMO INICIATIVA, S.L., con enderezo na rúa Príncipe, nº 42-3ºD de Vigo (C.P. 36202) quen presenta planos modificados e certificado final de obras para a realización de edificio de 7 vivendas, 2 estudos, local comercial e garaxes (visado C.O.A.G. 31/10/06 e 13/09/06) do edificio sito na rúa de Vicenta Rodríguez Cachada nº 8 con fondo a rúa de Manuel Rodríguez Sinde, co número de licenza 127/2003 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local de data 23/05/03.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 13/11/06 acorda aprobar os planos modificados e certificado final de obra.

PUNTO 5.- PROXECTO DE “SEGREGACIÓN DE PARCELA DA FINCA MATRIZ”, SITA NA RÚA DE 5º TRV. SOLANAS ESQUINA RÚA DE 6º TRV. SOLANAS.

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 818 de data 8 de febreiro de 2007, a instancia de D. ANTOLIN RODRÍGUEZ PACHECO e D^a. MARÍA DEL CARMEN GONZÁLEZ CADILLA e con domicilio na rúa de Oliva nº. 5-2º de A Guarda-C.P. 36780, quen presenta proxecto técnico redactado polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez para “SEGREGACIÓN DE PARCELA”, sita na rúa de 5º Trv. Solanas esquina rúa de 6º Trv. Solanas.

INFORME TÉCNICO 01-03-2007:

D. José Melero Currás como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licencia para “SEGREGACIÓN DE PARCELA”, sita na rúa de 5º Trv. Solanas esquina rúa de 6º Trv. Solanas., teño a ben emitilo seguinte INFORME:

1.- DOCUMENTOS:

1.1.- Presentación de proposta a nome de D. Antolin Rodríguez Pacheco, para a parcelación de fincas (Visado C.O.A.G.: 23-01-2007) e redactado polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez.

1.2.- Presenta as escrituras da propiedade da parcela.

2.- INFORME TÉCNICO:

2.1.- A finca matriz está incluída dentro da ordenanza nº. 4 do P.X.O.U. e se parcela en dúas fincas. Dando como resultado a parcela nº. 1 que posúe unha superficie de 515,00 m². e a parcela nº. 2 cunha superficie de 1.100,21 m².

2.2.- A parcela 1 está regulada pola ordenanza nº. 4 e ten unha vivenda no interior da parcela que cumpre cós parámetros edificatorios da ordenanza.

2.3.- A parcela nº. 2 cumpre cós determinacións do P.X.O.U., parcela mínima, frente de parcela, alturas, edificabilidade e retranqueos.

2.4.- As cesións para viais que figuran no proxecto deberán ser autorizadas polos servizos técnicos municipais, polo que só teñen carácter informativo.

3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido se considera favorable.

3.2.- A autorización para a parcelación non implica autorización de edificación.

INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 27-02-2007.

Conta con informe favorable.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como o informe realizado polo Arquitecto Técnico Municipal, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados

PUNTO 6.- PROXECTO DE PARCELACIÓN DE PARCELA, SITA NA RÚA DE GRANXA Nº. 8.

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 1.466 de data 6 de marzo de 2007, a instancia de PROMOCIONES O TORROSO, S.L. e con domicilio na rúa de Concepción Arenal nº. 19-1º de A Guarda-C.P. 36780, quen presenta proxecto técnico redactado polos arquitectos D. José Ignacio Peña Chocarro e D. Ricardo Garcia Ballesteros para “PARCELACIÓN DE PARCELA”, sita na rúa de Granxa nº. 8.

INFORME TÉCNICO 08-03-2007:

D. José Melero Currás como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licencia para “PARCELACIÓN DE PARCELA”, sita na rúa de Granxa nº. 8, teño a ben emitilo seguinte INFORME:

1.- DOCUMENTOS:

1.1.- Presentación de proposta a nome de Promociones O Torroso, S.L., para a parcelación de fincas (Visado C.O.A.G.: 02-03-2007) e redactado polos arquitectos D. José Ignacio Peña Chocarro e D. Ricardo Garcia Ballesteros.

1.2.- Presenta a escritura pública da propiedade da parcela e da sociedade promotora do proxecto.

2.- INFORME TÉCNICO:

2.1.- A finca matriz está incluída dentro da ordenanza nº. 7 do P.X.O.U. e se parcela en catro fincas. Dando como resultado a parcela nº. 1 que posúe unha superficie de 331,98 m²., a parcela nº. 2 cunha superficie de 467,53 m². a parcela nº. 3 cunha superficie de 631,45 m². e a parcela nº. 4 cunha superficie de 425,23 m².

2.2.- As parcelas cumpren coas determinacións do P.X.O.U., parcela mínima, frente de parcela, alturas, edificabilidade e retranqueos.

3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- A vista de que non existen deficiencias na documentación presentada o informe técnico considerase favorable.

INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 14-03-2007.

Conta con informe favorable.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como o informe realizado polo Arquitecto Técnico Municipal, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados

Non habendo máis asuntos a tratar o Presidente levanta a sesión ás trece horas do día da data do que eu, como Secretario, dou fe.